



**CONCELLO
O PEREIRO DE AGUIAR**

**SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO CONCELLO DO PEREIRO DE
AGUIAR**

Acta de constitución do tribunal cualificador

Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais ano 2021

Categoría: Peón - condutor con carné de conducir clase B

(Nº Postos de traballo que se convocan: 1)

Nas instalacións do Auditorio do Centro de Día dos Gozos, na Derrasa – O Pereiro de Aguiar, sendo as 12:50 horas do día 25 de xuño de 2021, procédese á constitución do Tribunal que xulgará as probas selectivas e valoración de méritos para a provisión dunha (1) praza de Peón - condutor con carné de conducir clase B (persoal laboral temporal), ao abeiro das bases aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 2021 – 0365 de data 01 de xuño de 2021, e posteriormente publicadas, en extracto, no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, no Taboleiro de anuncios e na Páxina Web deste Concello con data do 04 de xuño de 2021..

A relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as, así como a sinalización do lugar e data para a constitución do Tribunal, realización das probas e valoración de méritos publicouse na páxina Web e Taboleiro de Anuncios do Concello en data do 22 de xuño de 2021.

Estando presentes os membros do Tribunal que se relacionan, e unha vez advertida a existencia de quórum, queda constituído na seguinte forma:

Tribunal titular:

Presidente : José Antonio Cerdeira Pérez, secretario – interventor do Concello do Pereiro de Aguiar.

Secretaria: Marina Sara González Soto, asesora xurídica en asuntos de urbanismo e demais servizos municipais do Concello do Pereiro de Aguiar.

Vogais: José Antonio González Gallego, encargado de obras e servizos municipais do Concello do Pereiro de Aguiar.

María del Pilar Conde Lorenzo, auxiliar administrativo do Concello do Pereiro de Aguiar.

A Presidencia do Tribunal explica o proceso de oposición, que consistirá:

1. Proba de coñecementos e proba práctica:
 - Proba de coñecementos.- Valorarase ata un máximo de 12 puntos, e estará integrada por un exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar a un máximo de 20 preguntas tipo test con respostas alternativas que preparará o Tribunal Cualificador antes da celebración do exercicio, sobre as funcións propias do posto de traballo que figuran no temario que se acompaña. Cualificación: A valoración máxima por este exercicio será de 12 puntos,



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

necesitando un mínimo de 6 puntos para aprobar.

As respostas non contestadas non terán valoración.

As respostas erróneas non penalizan.

Proba práctica.- Dirixida a constatar o grao de coñecemento no manexo, mecánica e mantemento dos vehículos todo terreo.

Cualificación: Apto/non apto, con carácter obrigatorio e eliminatorio.

2. Tempo máximo para estes exercicios determinarao o Tribunal Cualificador.

Non se producen intervencións e por unanimidade o Tribunal acorda proceder do xeito que propuxo a Presidencia.

E para que así conste e produza os efectos legais oportunos, levántase Acta ás 12:55 horas, no lugar e data anteriormente expresados, unha vez firmada por tódolos membros do Tribunal Cualificador, de cuxo acto esta secretaria certifico.

O presidente,



José Antonio Cerdeira Pérez

A secretaria,


Marina Sara González Soto


José Antonio González Gallego

Os/as vogais,


Mª del Pilar Conde Lorenzo